



# Concello de Vimianzo

C  
O  
P  
I  
A  
P  
Ú  
B  
L  
I  
C  
A

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 16/07/2012

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día dezaseis de maio de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Monserrat Vázquez Miñones  
D.<sup>a</sup> Carmen Felicidad Borbujo Martínez  
D. Pablo López Vázquez.  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

Ausentes:

D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. José Manuel Perez Trillo

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventora: D.<sup>a</sup> Gemma Leal Insua  
Arquitecto: D. Julio Vázquez Rodríguez

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Obra da Piroga, reprobación do grupo de goberno pola incapacidade de sacar adiante a obra de 'Saneamento da Piroga'.**

O Sr. Alcalde explica que se trata dun pleno convocado por resolución da Alcaldía, a petición de cinco concelleiros: os tres de IxV e os concelleiros socialistas José Manuel Rodríguez Blanco e Montserrat Vázquez Miñones. Dalle a palabra á secretaria para que dea lectura ao ditame da comisión informativa.

A secretaria procede á lectura do ditame desfavorable da comisión informativa reunida o 13 de xullo de 2012:

*"(...) Obra da Piroga, reprobación do grupo de goberno pola incapacidade de sacar adiante a obra de: Saneamento da Piroga".*

Acto seguido o Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro socialista suplente, en ausencia do titular, Sr. Miñones Riveiro.

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que se celebrou unha comisión de investigación, que foi pechada polo alcalde empregando o voto de calidade ante a ausencia da voceira popular. Pide que se reabra a comisión de investigación e pregunta polos informes que faltan no expediente e porque non lle fixo caso ao informe do secretario anterior e levou o modificado ao pleno. Considera que

C se evitarían moitos problemas se o alcalde levase a pleno o modificado. Cita o escrito da Deputación, no que se indica que debe aprobarse polo pleno.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro de IxV.

P O Sr. Soto Pérez sinala que nos últimos tres plenos ordinarios o seu grupo preguntou nos plenos polo estado da obra. Di que a obra iniciouse e paralizouse ao pouco tempo. Sinala que o secretario, máximo garante da legalidade do concello, informou ao alcalde que o modificado debía aprobalo o pleno, e no mesmo sentido se pronunciou a Deputación, polo tanto o acordo adoptado en xunta de goberno é nulo de pleno dereito. Hai un ano que se adxudicou a obra e non sae para adiante. Non entende que o alcalde desatendese un mandato plenario de creación da comisión de investigación, no que se estableceu o voto ponderado. A comisión pechouse cun resultado de seis votos en contra e catro a favor. A día de hoxe non hai permiso de Augas de Galicia nin están os avais depositados na "COTOP". Queren darlle un toque de atención ao alcalde para que a obra saia para adiante. Víronse obrigados a convocar este pleno porque o alcalde pechou a comisión de investigación.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á voceira do PP.

~~A Sra. Borbujo Martínez~~ sinala que o seu grupo vai votar en sentido distinto. Dille ao Sr. Rodríguez Blanco que no pleno de hoxe non se plantexa reabrir a comisión, porque iso plantexouse na comisión o venres, senón un tirón de orellas ao Sr. Alcalde, baseado nun escrito de mal gusto. Considera que facer un pleno para tirarle das orellas ao alcalde non ten sentido, os plenos extraordinarios son algo importante, o tirón de orellas xa llo dou na comisión. Gastar os cartos nun pleno e impedir aos funcionarios facer outras cousas máis importantes non ten sentido. Se hai algo irregular na obra haberá que ir ao xulgado. Di que esa obra levouse a cabo poa xestión do PP e o anterior alcalde, non pola intervención do anterior concelleiro de obras. Se en lugar de reprobar se pretende reabrir a comisión, ela está dacordo, pero a reprobación parécelle ridícula.

B O Sr. Alcalde considera que coa actitude de membros da oposición demostrase o papel de cada un: quen defende intereses xerais e quen defende outro tipo de intereses. Coincide coa Sra. Borbujo na súa opinión sobre este pleno. Bota en falta ao Sr. Miñones Riveiro, que non asinou a petición do pleno nin está presente. Afirmar que o escrito fai afirmacións inexactas. Aclara que o pleno solicitouse o 28 de xuño, e a comisión pechouse o 5 de xullo, co cal a oposición xa tiña clara a súa postura.

I Por outra banda, sinala o alcalde que esta obra é herdada do goberno anterior, que non lle advertiu ao novo goberno dos problemas existentes. Sinala que é curioso que os responsables deste mal facer veñen agora pedir responsabilidades a quen lle tocou xestionalos. Di que é mentira que a obra non conte cos permisos: ten o permiso de Estradas, e sábeno os membros da oposición porque botaron unha mañá vendo o expediente e fotocopiando.

A Continúa o alcalde referíndose ao cinismo do voceiro socialista, pois foi o propio alcalde quen propuxo na comisión continuar co seguimento da obra, e está agardando a resposta da oposición; así como que os responsables da obra máis irregular do concello –a Casa da Cultura– veñen agora pedindo responsabilidades. Considera que a reprobación do alcalde neste pleno é unha situación esperpéntica. Afirmar que se trata dunha obra necesaria, para os vecinos da Piroga e para os interese xeral. Di que as sospeitas que verte a oposición ante a Deputación e Augas de Galicia non van impedir que se consigan os permisos. Denuncia que este goberno tivo que



# Concello de Vimianzo

C

regularizar a situación dun bombeo en Baíñas, responsabilidade do goberno anterior, e iso si que é reproble.

O

Conclúe que non hai problemas de transparencia nin ánimo de ocultar nada, pero seguramente se equivocou na confianza, porque non é de recibo que non se lles avise dos problemas dun proxecto e despois pretendan cortarles a cabeza. Di que este pleno non vale para nada, só que os vecinos da Piroga saquen a conclusión de que os políticos de Vimianzo non serven para nada. Está seguro de que esta obra vaise sacar para adiante.

P

I

O Sr. Rodríguez Blanco pide a palabra. Di que cando se fixo o proxecto tiñan a autorización do alcalde de Zas, outra cousa é que se complicara despois.

A

O Sr. Soto Pérez pide a palabra. Sinala que o alcalde comezou dicindo que a obra tiña tódolos permisos e remata dicindo que están para firmar. Nega que neste pleno se estea votando en contra da obra, e aclara que o que se vota aquí é a reprobación do alcalde. Os veciños deben saber que foi este goberno quen parou a obra. Considera que o alcalde pode reabrir a comisión cando queira, non necesita acordos plenarios. Propón que ningún concelleiro cobre por asistencia a este pleno. Non quere que se faga o seguimento pola comisión de obras, que se convoca regularmente. Repite que o secretario e a interventora informaron desfavorablemente a aprobación do modificado na xunta de goberno local. Pide que o alcalde non engane aos veciños, que xa o fixo no 2008 cando prometeu unha pasarela sobre o río que non está feita. Conclúe que van reprobar porque o alcalde estao facendo moi mal neste asunto.

~~P~~

Ú

O Sr. Alcalde pregunta se a voceira popular quere intervir. Pídelle ao voceiro de IxV que non diga o que non é. Pregunta como pode ser que o Sr. Soto diga que non está no expediente o informe de intervención -cousa certa- e acto seguido fale do seu contido.

B

O Sr. Soto di que o informe de secretaría fai referencia ao contido do informe de intervención.

L

O Sr. Alcalde di que o informe de intervención é posterior ao de secretaría, e volve a preguntarlle se sabe onde está.

I

O Sr. Soto di que non o sabe.

C

O Sr. Alcalde di que o proxecto da obra do centro sociocultural de Baíñas tamén tiña problemas, e houbo que paralizala e facer un modificado. O procedemento foi o mesmo: aprobouse en xunta de goberno e ninguén dixo nada, cousa que lle agradecerán os veciños de Baíñas. Volve a queixarse de que o goberno anterior non lles informara dos problemas de conexión. Di que o alcalde de Zas autorizou de forma xenérica porque se non perdíase a subvención. Pídelle aos concelleiros, en concreto aos do PP, que boten unha man e empreguen os seus contactos para conseguir que a obra saia para adiante e se obteña a autorización da Augas de Galicia. Se a obra sae para adiante o mérito é do concello, non do alcalde. Considera que o asunto non da máis de si.

A

O alcalde da por rematado o debate e plantexa a votación do ditame da comisión, que é non reprobar ao alcalde.

Sometido o asunto a votación, por catro votos a favor do BNG, seis votos en contra (IxV, PSOE e Sr. López Vázquez) e unha abstención da Sra. Borbujo, queda rexeitado o ditame da comisión.

C

A Sra. Borbujo Martínez pide a palabra para anunciar que deixa a súa acta de concelleira e mostra o seu agradecemento polos anos como membro da Corporación e despídese.

O

O Sr. Alcalde dalle as grazas polos servizos prestados como concelleira e louba a súa labor política durante estes anos.

P


E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezaseis de xullo de dous mil doce.


I

O ALCALDE

A SECRETARIA

A





P

Ú

B

L

I

C

A